

## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/5	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

4 de abril de 2024

**Duración:**

Desde as 20:46 ata as 22:27

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

José Carlos López Campos

**Secretaria:**

María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON (se incorpora á sesión ás 21:50 horas)	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ





	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE MARZO DE 2024

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de marzo de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### Expediente 4358/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E AXENDA URBANA EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA PARCELAS RESIDENCIAIS DO ÁMBITO SUD-R06 - AVDA. DE MARÍN

**Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 18, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 1

#### Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o Estudo de Detalle para parcelas residenciais do ámbito SUD-R06 - Avda. de Marín, redactado e asinado dixitalmente polo arquitecto D. Alejandro Trigo Castro en data 25/10/2023 (sen visado colexial), do que a súa aprobación municipal interesaron en data 25/10/2023, D. Juan José Sobrino Granja, Dna. Carmen Sobrino Granja e D. Alejandro Sobrino Granja.

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal en data 06/11/2023.





Visto o informe xurídico emitido polo TAX-Servizo Xurídico de Urbanismo o día 09/11/2023

Visto o acordo de aprobación inicial adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/11/2023, determinante da correspondente suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito do territorio obxecto do mesmo no caso en que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente.

Visto o certificado de Secretaría de data 16/01/2024, acreditativo da ausencia de alegacións/suxestións/reclamacións durante o preceptivo e substanciado trámite de información pública (anuncio publicado no DOG núm. 235/2023, do 13 de decembro; Faro de Vigo de data 14/12/2023; web municipal; e, no Taboleiro de Anuncios e Editos).

Vista a notificación do acordo de aprobación inicial realizada a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Vistas as respectivas solicitudes dos informes sectoriais preceptivos realizadas en data 16/11/2023 á Delegación do Goberno e á Confederación Hidrográfica.

Visto o informe da Delegación do Goberno en Galicia de data 14/12/2023, que nada obxectou.

Visto tamén o informe da Augas de Galicia de data 22/01/2024, que nada obxectou.

Visto que, en data 31/01/2024, os promotores achegaron o documento do Estudo de Detalle para aprobación definitiva (redactado e asinado dixitalmente polo arquitecto D. Alejandro Trigo Castro en data 31/01/2024 -sen visado colexial-), logo de incorporar os reaxustes técnicos menores e a rectificación de determinados erros que advertira a arquitecta municipal no seu reseñado informe técnico.

Visto o derradeiro informe técnico (favorable) emitido pola nomeada arquitecta municipal o día 21/02/2024, concluíndo que (sic): *"... o documento de estudio de detalle achegado para aprobación DEFINITIVA incorpora con respecto ao documento aprobado inicialmente por acordo da X.G.L. do 13/11/2023, unha serie de correccións/recomendacións (indicadas neste informe) recollidas no informe técnico municipal de data 06/11/2023 que forma parte do expediente exposto ao público"*.

Visto o art. 80.2 e concordantes da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Vistos tamén, entre outros, os arts. 22.2.c e 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 849/2023, do 19 de xuño, pola que delegou competencia na área de Urbanismo ao concelleiro D. Gonzalo Louzao Dono.

Vista a proposta de resolución PR/2024/535 de 21/03/2024, emitida polo concelleiro delegado de Urbanismo.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda Urbana en sesión celebrada o 25/03/2024.





Debatida a proposta, sométese a votación, sendo adoptados polos votos a favor dos grupos do Partido Popular, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE), e a abstención do grupo do BNG, os seguintes **ACORDOS**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para parcelas residenciais do ámbito SUD-R06-Avda. de Marín, redactado e asinado dixitalmente polo arquitecto D. Alejandro Trigo Castro en data 31/01/2024 (sen visado colexial).

As prazas de aparcadoiro sitas en dominio público que resulten afectadas pola execución dos accesos de entrada e saída a cada unha das parcelas terán que reubicarse noutro espazo do dominio público ao abeiro da normativa vixente (dotación mínima segundo o Plan Parcial aprobado: 131 prazas en dominio público, 4 adaptadas Lei 10/2014, Accesibilidade).

Igualmente co arborado (263 árbores previstas como dotación mínima no PP, segundo a lexislación vixente).

**Segundo.-** Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia nos termos e prazo normativamente previstos con carácter previo a solicitar á súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia como condición para a publicación da súa normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da provincia.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do instrumento de planeamento aprobado quedan condicionadas á súa publicación de conformidade co establecido no art. 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, á súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no art. 88 LSG e ao que dispoña para tal efecto a lexislación vixente en materia de réxime local (arts. 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local – entrada en vigor previo cumprimento dos trámites preceptivos e logo de transcorrer 15 días hábiles dende a publicación completa do texto no Boletín Oficial da Provincia -).

**Terceiro.-** Notificar este acordo de aprobación definitiva, para respectiva constancia, coñecemento e efectos, a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que se lles notificara a súa aprobación inicial.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos promotores do indicado Estudo de Detalle (D. Juan José Sobrino Granja, Dna. Carmen Sobrino Granja e D. Alejandro Sobrino Granja), para respectiva constancia, coñecemento e efectos.





**Quinto.-** Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada así como á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra, para respectiva constancia, coñecemento e efectos.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o señor alcalde pregunta se algún dos grupos políticos quere presentar algunha moción de urxencia; non habendo, continúaase coa orde do día.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 27 DE MARZO DE 2024**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 27 de marzo de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-0309 ao número 2024-0462 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, as seguintes persoas asistentes no público:

- D. Rafael Carbajales Bouzón (DNI: [REDACTED])
- D. Javier Rodríguez Diéguez (DNI: [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte e sete minutos minutos do día do seu comezo.



---

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2024/04/16/pleno-concello-de-a-estrada-4-de-abril-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

6462364EA4816A5C3AFB9A5C9B049529B47CCEE7A2F0984FE9F92C17222A4148

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

